



Copia

## ROGO SOBRE A DIFUSIÓN DOS SERVIZOS QUE SE LLE OFRECEN AOS USUARIOS DOS APARCADOIROS PÚBLICOS MUNICIPAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a unha solicitude do Grupo Popular, o Concello trasladoulle á empresa pública Tussa a conveniencia de dotar ao aparcadoiro público da Avenida Xoán XXIII, -con extensión ao resto das instalacións que xestiona- do servizo de arrancador de baterías.

Aínda que nos consta que o servizo está dispoñible no aparcadoiro de Xoán XXIII, son moitas as persoas que descoñecen a súa existencia, como podemos comprobar hai unhas semanas cando unha usuaria reclamou o servizo dunha grúa e tivo que agardar durante bastante tempo para que lle axudaran a arrancar o seu vehículo, co prexuízo de tempo e económico que esa espera ocasiona.

Este contratempo podería terse evitado se nas instalacións de Xoán XXIII se anunciara en lugar visible a existencia dos servizos dispoñibles -como por certo se facía ata hai pouco tempo co préstamo de paraugas-, entre outros, o do arrancador de baterías.

Tendo ne conta o anterior, preséntase o seguinte **ROGO**:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se lle dea traslado á empresa concesionaria dos aparcadoiros municipais da conveniencia de anunciar en lugares visibles das instalacións e na propia páxina web os servizos gratuítos que se poñen a disposición das persoas usuarias.***

Santiago de Compostela, a 7 de febreiro de 2018

Claudio Montiel Carracedo  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular